

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA, ABANCA
CORPORACIÓN BANCARIA SA, INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN LOCAL SA
INCOLSA-TURISMO DE SANTIAGO PARA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DO
APÓSTOLO 2016**

Santiago de Compostela, 11 de xullo de 2016

REUNIDOS

Por unha banda, D^a María Nava Castro Domínguez, directora da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 34/2013 do 21 de febreiro e conforme as facultades que lle confire o artigo 5º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Doutra, Información e Comunicación Local, S.A. -Turismo de Santiago de Compostela (en adiante INCOLSA) e no seu nome e representación, o Presidente do Consello de Administración, _____, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confire o artigo 23 dos Estatutos da Sociedade que lle outorgan a competencia para establecer convenios de colaboración con calquera clase de institución pública ou privada.

E doutra, _____, director de Banca Institucional en nome e representación de ABANCA Corporación Bancaria, S.A., en adiante ABANCA.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que a Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Segundo.- Que os concellos, segundo se sinala no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, redactado polo número 8 do artigo primeiro da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que inclúe no apartado h) do parágrafo 2 como competencia propia dos municipios a *“información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local”*. O Concello de Santiago exerce esta competencia a través da sociedade municipal INCOLSA – Turismo de Santiago, medio propio do devandito concello.

Terceiro.- Que ABANCA é unha entidade que opera no sector financeiro e bancario, con gran tradición e arraigamento no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, lugar onde naceu e desenvolve gran parte do seu obxecto social na actualidade e considera dende un punto de vista publicitario e do marketing que é unha grande oportunidade para dar a coñecer directamente a súa imaxe corporativa e de forma indirecta os seus produtos, difundir o seu logotipo no ámbito das festas de interese turístico tanto de Galicia, como nacionais e internacionais e contribuír así ao apoio e difusión das mesmas.

Cuarto.- Que dado o interese común en realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción da Festas de Interese Turístico, a Axencia Turismo de Galicia asinou un Convenio Marco coa entidade financeira ABANCA coa finalidade de articular a colaboración entre as dúas entidades para o apoio á promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico na Comunidade Autónoma de Galicia.

Quinto.- Que co obxecto de promover a imaxe de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e INCOLSA consideran esencial colaborar na celebración das Festas do Apóstolo 2016, posto que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas partes e con beneficios conxuntos e que está definida para acadar o obxectivo de promover o turismo na Comunidade Autónoma de Galicia a través do apoio a este evento.

Sexto.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 figura a aplicación 04.A2.761A.760.3, *Fomento do turismo das entidades locais*, código de proxecto 20150006 dotada con fondos propios da comunidade autónoma. Con cargo a esta aplicación, a achega da colaboración económica da Axencia Turismo de Galicia para a realización das actuacións establecidas no convenio será de vinte cinco mil euros (25.000.€).

Sétimo.- Que ABANCA se compromete a colaborar economicamente no desenvolvemento das Festas do Apóstolo mediante unha achega de dez mil euros (10.000.-€).

Oitavo.- Non resulta posible promover a concorrência neste convenio debido a que a actividade de que se trata unicamente a pode realizar INCOLSA, dado que é a única que realiza a promoción turística das Festas do Apóstolo.

Noveno.- Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscripción do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia, ABANCA e INCOLSA, para o apoio á celebración e promoción das Festas do Apóstolo 2016, que se levará a cabo na segunda quincena do mes de xullo de 2016, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

As celebracións dedicadas ao Apóstolo, patrón de Santiago e de Galicia, son as festas turísticas da cidade por excelencia, destacando tamén unha importantísima participación de peregrinos de todos os países, e nelas conviven a solemnidade relixiosa e oficial, o sabor popular, e a animación, que converten a toda a cidade nun gran festival.

A antigüidade, tradición e historia das Festas do Apóstolo aparece recollida na publicación “Las fiestas del Apóstol Santiago, 1500-1985. Una aproximación a la historia del ocio y el tiempo libre en la ciudad de Santiago a través de sus fiestas patronales”, da que é autor José Antonio Tojo Ramallo e que está editada polo Consorcio de Santiago. Nel o autor desvela, por medio de abundantes documentos e fotografías, o desenvolvemento que ao longo dos séculos experimentaron as Festas do Apóstolo, a maior manifestación de alegría e diversión de Galicia.

As Festas do Apóstolo foron declaradas Festa de Interese Turístico Internacional no ano 2001.

O 24 e o 25 de xullo son os días grandes. Tradicionalmente, a noite do 24 hai un impresionante espectáculo de fogos artificiais en honor ao Apóstolo, ao tempo que se queima o gran castelo de piroctenia que imita a fachada gótica da Catedral.

O 25, durante a misa solemne que se celebra na catedral, o Rei ou un delegado da Casa Real fai a tradicional ofrenda ao Apóstolo Santiago. Nesta misa pódese ver o botafumeiro, extraordinario incensario de xigantescas dimensións, balancearse na Catedral perfumándoa e envolvéndoa nun halo místico. O 25 é tamén o día de Galicia, con actos que congregan milleiros de galegos e galegas na cidade.

Durante toda a segunda quincena do mes de xullo as actividades culturais destacan pola súa calidade e diversidade. A música de todos os estilos, a danza e o teatro, os pasarrúas, as verbenas... invaden Compostela.

Destaca nos actos o encontro de xigantes e cabezudos, cuxa historia data, no caso dos xigantes, do século al XVII, mentres que o grupo de cabezudos anima o ambiente desde 1879. Os oito xigantes representan aos peregrinos que, desde diferentes partes do mundo, acudían a render tributo ao Apóstolo Santiago. Pola súa banda, os populares cabezudos simbolizan os catro reis de pobos míticos que viñan, como os xigantes, a Compostela.

A tradicional exhibición de traxes rexionais e bailes folclóricos é outra das citas históricas destas festas, que se pechan o día 31 de xullo con outro espectáculo de fogos artificiais.

Cando o 25 de xullo coincide en domingo, celébrase o Ano Santo Compostelán. Esta circunstancia repítese en ciclos de 6, 5, 6 e 11 anos. 1993, 1999, 2004 e 2010 foron Anos Xubilares, e serao novamente o 2021. Nesas anos a afluencia á cidade de peregrinos chegados de todo o mundo é aínda maior.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a celebración das Festas do Apóstolo, ascende a 35.000 .-€ que se distribúen do seguinte xeito:

Concepto	Importe
Material promocional: folleto especial "Festas do Apóstolo 2016". Deseño, impresión e distribución masiva (15.000 unidades)	6.000.-€
Chaquetas vermellas: voluntarios/as a pé de rúa para reforzo da información turística no mes grande de Santiago (xullo) coincidindo coas Festas do Apóstolo (equipación, materiais de promoción) -	10.000.-€
Arquivo fotográfico: realización de fotos das Festas do Apóstolo que permitan actualizar o actual arquivo de imaxes e mellorar a promoción turística de cara a vindeiras edicións con imaxes actualizadas e de calidade.	2.250 €
Dinamización musical de rúa especial Festas do Apóstolo	5.250.-€

"Compostela, Territorio das Mulleres": sección específica dentro das Festas do Apóstolo, que se concretará en actuacións musicais e performáticas de rúa e difusión especial en soporte web	3.500.-€
Ambientación/decoración de rúas con motivo das Festas do Apóstolo	8.000.-€
Total	35.000.-€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de 25.000 euros. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de promoción do evento, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que INCOLSA obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.3 dos orzamentos xerais da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2016 a favor de INCOLSA unha vez que esta entidade achegue as correspondentes facturas acompañadas da xustificación das actuacións realizadas.

Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio realizadas na anualidade 2016. Os pagamentos anticipados serán de ata o 50%, o que supón un importe máximo de 12.500.-€.

Así mesmo poderanse realizar pagos a conta. Os ditos pagamentos a conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos previstos no parágrafo anterior non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas.

Para proceder ao seu pagamento, Incolsa-Turismo de Santiago deberá enviar a documentación relacionada na cláusula sexta referida á xustificación. Os primeiros gastos xustificables servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

Pola súa parte, ABANCA colaborará nas accións descritas cunha achega de 10.000.-€. Conforme ao artigo 65.4.c) e i) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia INCOLSA queda exonerado da constitución de garantía.

Terceira.- Obrigas de INCOLSA.

INCOLSA comprométese a:

1. Levar a cabo as accións obxecto deste convenio para a promoción das Festas do Apóstolo 2016.
2. Facer constar a colaboración da Xunta de Galicia – Axencia Turismo de Galicia- en toda a publicidade (impresa, audiovisual,...) que xeren as actividades deste convenio e inserir a marca turística de Galicia segundo o establecido no manual corporativo da Xunta de Galicia.
- 3.- Incorporar o distintivo corporativo de ABANCA nun lugar visible e destacado xunto coa imaxe da Axencia Turismo de Galicia.
4. Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
5. Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta

comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.

6. Executar totalidade do orzamento de 35.000 €, así como xustificalo.

7. Presentar, con anterioridade á sinatura deste convenio, as certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

8.- Reintegrar total ou parcialmente, a subvención percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, e a exixencia do xuro correspondente desde o pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia de reintegro cando concorran algunha das causas sinaladas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, e a obriga de facilitar toda a información que se lle requira pola Axencia Turismo de Galicia en relación coa xustificación do convenio, e pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino de axudas.

Cuarta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Quinta.- Xustificación de fondos e pagamento

O prazo para xustificar a aplicación dos fondos percibidos remata o 15 de outubro de 2016. A xustificación da execución das actividades subvencionadas realizarse segundo a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño que a desenvolve.

A conta xustificativa deberá conter:

1. Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2. Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

2.1. Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e data de pagamento.

2.2. Facturas ou documentos de valor probatorio no tráfico mercantil e documentación acreditativa do pagamento.

2.3. De ser o caso, os tres orzamentos que, en aplicación do artigo 29.3 da Lei de Subvencións de Galicia, deba ter solicitado o beneficiario.

2.4. No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.

INCOLSA ademais deberá presentar:

1.1. Declaración de “outras axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución (para os mesmos gastos subvencionables), das distintas administracións públicas ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades”.

1.2. Declaración de non estar incurso en ningunha das prohibicións para ter a condición de beneficiaria da subvención recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

1.3. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e ABANCA así como a “Marca Galicia”.

Asemade, deberá enviarse unha certificación bancaria do número de conta para facilitar o ingreso dos fondos.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

A achega de ABANCA será pagada directamente por esta á INCOLSA, unha vez que esta remita á dita entidade o detalle dos soportes publicitarios.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total presentado.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido INCOLSA, como consecuencia da realización de actuacións acordadas co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2016.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 15 de outubro de 2016.

Sexta.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado por INCOLSA, un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia e un representante de ABANCA. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Sétima.- Relación contractual.

A subscrición deste convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Oitava.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividade acordadas.

Novena.- Xurisdición competente.

Este convenio de colaboración está excluído do ámbito do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público en virtude do establecido no seu artigo 4.c, non obstante, os principios do citado Real decreto lexislativo serán de aplicación para resolver as dúbidas ou lagoas que puideran xurdir, tal e como se establece no citado artigo.

É de aplicación a este convenio o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro que aproba o regulamento que a desenvolve e en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e demais normativa que sexa de aplicación.

As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Axencia Turismo de Galicia, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado do contencioso- administrativo.

Décima.- Publicidade e rexistro do convenio.

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicarase a suscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

En cumprimento do disposto na a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Axencia Turismo de Galicia informará na súa páxina web oficial da dita suscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes intervenientes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederáse a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Undécima.- Vixencia.

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 15 de outubro de 2016 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2016 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por triplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Axencia Turismo de Galicia
A directora

Por Incolsa-Turismo de Santiago
O presidente do Consello de Administración

María Nava Castro Domínguez

Por ABANCA
O director de Banca institucional